



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Lingua Galega e Usos	Código	613G03045	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Lingua galega: historia, norma, variación e calidade da lingua. Sociolingüística e planificación da lingua galega.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.	A3		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A4		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Latín, galego-portugués e galego	O latín da Gallaecia e a romanización A evolución do latín ao galego-portugués A evolución do galego moderno
2. Lingua, estándar, variación e calidade lingüística	A constitución da norma lingüística Variación interna da lingua O concepto de calidade lingüística e aplicación ao galego
Normalización e planificación da lingua galega	Antecedentes da planificación O proceso de normalización desde 1980 á actualidade Alternativas de futuro

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	15	22.5	37.5
Obradoiro	14	28	42
Lecturas	1	12	13
Traballos tutelados	1	12	13
Proba mixta	1	5	6
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escolleito entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, exercicios prácticos etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.).	20
Lecturas	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.). Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado.	15
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	25
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade expresiva.	40

Observacións avaliación



Para superar

a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O

alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todo tipo de actividade ou proba deberá cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O

alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda

oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A

cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Moure, T. (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC
- Freixeiro Mato, X. R. (1998-2004). Gramática da Lingua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra
- Ninyoles, R. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela: Laiovento
- Freixeiro Mato, X. R. (2010). Lingua de calidade. Vigo: Xerais
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela: Laiovento
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela: Laiovento
- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Laiovento
- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais
- García Negro, M. P. (coord.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela: Laiovento

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías